

Texto 1: Os gansos

O próximo outono, cando vexas os gansos dirixíndose cara o sur para pasar o inverno, fíxate que voan formando unha V. Quizais che interese saber o que a ciencia ten descuberto acerca do por que voan desa forma. Comprobouse que cando cada paxaro bate as súas ás produce un movemento no aire que axuda ao paxaro que vai detrás del voando en V. A bandada completa aumenta polo menos un 77 % máis o seu poder que si cada paxaro voara só. As persoas que comparten unha dirección común e teñen sentido de comunidade poden chegar onde desexen máis fácil e rapidamente porque van apoiándose mutuamente.

Cada vez que un ganso se sae da formación sente inmediatamente a resistencia do aire, decátase da dificultade de facelo só e rapidamente regresa á súa formación para beneficiarse do poder do compañeiro que vai diante. Si nós tiveramos a intelixencia dun ganso manteríamonos con aqueles que se dirixen na nosa mesma dirección.

Cando un líder dos gansos se cansa, se pasa a un dos postos de atrás e outro ganso toma o seu lugar. Obtemos mellores resultados si tomamos quendas cara os traballos máis difíciles. Os gansos que van detrás graznan (producen o son propio deles) para alentar aos que van diante a manter a velocidade. Unha palabra de alento produce grandes beneficios.

Finalmente, cando un ganso enfermo ou cae ferido por un disparo, outros dous gansos saen da formación e o seguen para acompañalo e protexelo. Quedan acompañándoo ata que está de novo en condicións de voar ou ata que more e só entón os dous acompañantes volven á súa bandada ou se unen a outro grupo. Si nós tiveramos a intelixencia dun ganso manteríamonos un ao lado do outro apoiándonos e acompañándonos.

Texto 2: Asamblea na carpintería

Nunha carpintería houbo un día un estraña asemblea: unha reunión de todas as ferramentas do taller para arranxar as súas diferenzas. O martelo, unha das ferramentas máis antigas e respectadas, exerceu a presidencia, pero enseguida a asemblea lle dixo que debía renunciar a ela.

- Por que?, dixo o martelo moi estrañado.

- Pois porque fas demasiado ruído e, ademais, pásaste o día golpeando, respondéronlle.

O martelo aceptou estes reproches, pero pediu que tamén fora expulsado o tornillo. Alegou que para que fose útil, tiña que dar moitas voltas... Fronte a esta acusación, o tornillo foi expulsado, pero á vez pediu que se fixera o mesmo coa lixa. Fixo notar diante de toda a asemblea que tiña un trato moi áspero e que o seu carácter sempre rozaba cos demais. Diante dunha evidencia así, a lixa non tivo máis remedio que estar de acordo, sempre que tamén se expulsara da asemblea ao metro, porque constantemente medía a todo mundo segundo o seu criterio, como si el fose o único perfecto.

Neste momento entrou o carpinteiro, puxo o mandil e empezou a traballar. Colleu un taboleiro e chapas de dúas clases diferentes. Usou o metro, o martelo, o tornillo e a lixa. Finalmente, aquelas chapas de dúas cores diferentes –unha de piñeiro, moi clara e outra de Nogueira, case negra- convertéronse nun precioso taboleiro de xadrez, cunha superficie fina e suave, como a pel dunha doncela.

Cando a carpintería, ao final da xornada, quedou baleira de novo, as ferramentas volveron á asemblea e continuaron as súas deliberacións. Entón tomou a palabra o serrucho, e dixo, con ton solemne:

- Señores, señores, ten quedado demostrado que temos defectos, pero, en cambio, o carpinteiro traballa coas nosas calidades. E as aproveita. Isto é o que nos fai valiosos a todos. Basta xa de pensar nos nosos puntos malos e concentrémonos dunha vez por todas naquilo que todos temos de bo.

Entón a asemblea veu que o martelo era forte, que o tornillo unía e prensaba, que a lixa era ideal para pulir e eliminar asperezas, e descubriron que o metro era preciso e exacto. De repente, descubriron que formaban un equipo capaz, xuntos, de facer cousas de gran calidade. E sentíronse orgullosos de traballar xuntos e da fortaleza que isto lles daba.